

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 21 DE NOVEMBRO DO 2024.

ASISTENTES:

<p>Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p>Membros que asisten:</p> <p>MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten:</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Vinte e un de Novembro do Dous mil vinte e catro, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 14/11/2024

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/165

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 15/11/2024. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DA "ILUMINACIÓN DE NADAL DO CONCELLO DE RIBEIRA PARA O PERIODO 2024/2025""

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/188

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 18/11/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO EN LIXÓ""



4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/213

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/11/2024. DECRETO: “RESOLUCIÓN DEL CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE REDACCIÓN DEL PROYECTO “FÁBRICA DE SALAZÓN, DISEÑO Y CONSTRUCCIÓN DE UN MIRADOR-PUNTO DE INTERPRETACIÓN DEL PAISAJE EN PUNTA CASTRO””

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/216

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/11/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “MELLORA DO FIRME DO CAMIÑO MAMOA-LAXES””

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/247

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/11/2024. DECRETO: “APROBACIÓN PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE LA OBRA “RECUPERACIÓN Y PUESTA EN VALOR DE LA SENDA DE LOS MOLINOS DE AGUA DEL RÍO SAÍÑAS””

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/248

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/11/2024. DECRETO: “CORRECCIÓN DO ACORDO DA XGL DO 24/10/2024. SOLICITUDE DE SUBVENCION DIRIXIDO A CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, ANO 2025”

8.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Irene Costa Díaz

Visto o escrito presentado por **Irene Costa Díaz**, de data 18/11/2024 (Registro de entrada nº 28.229), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Patacas e canciños quentes – 3,00 m.), o día 05/01/2025, na Avenida do Malecón (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Non Autorizar** a **Irene Costa Díaz** para a instalación dun posto de venda ambulante (Patacas e canciños quentes – 3,00 m.), o día 05/01/2025, na Avenida do Malecón (Ribeira), ao tratarse dun espazo pertencente ao **dominio público da entidade Portos de Galicia**, polo que deberá solicitar tal autorización a dita entidade en tempo e forma.
- Autorizar** a **Irene Costa Díaz** para a instalación dun posto de venda ambulante (Patacas e canciños quentes – 3,00 m.), o día 05/01/2025, en calquera outra



ubicación non pertencente ao dominio público da entidade Portos de Galicia, polo que deberá pñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a nova ubicación do citado posto.

- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- d) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26042 18.10.2024 ANGEL PICON CALVO, reparación da cuberta da casa, Deán Grande, nº 10, Ribeira.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26047 18.10.2024 CATALINA SANLÉS LIJÓ, limpar e pintar fachada, na rúa Pumariño, nº 1, Ribeira.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26044 18.10.2024 MARIA CARMEN PAZ BETANZOS, colocación de balaustres en terraza, na rúa de Galicia, 20-B, Palmeira.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26219 22.10.2024 MARIA LUISA BLANCO PARADA, cambiar porta e fiestras e colocar plaqueta, no lugar de Xenxides, nº 17, Oleiros.



13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

5009 28.02.2024 COFRADIA DE PESCADORES DE CARREIRA Y AGUIÑO, actuación de mantemento do tellado, limpeza e reparación de pequenos danos, colocar caño e baixante, na rúa do Porto, Aguiño.

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26331 23.01.2024 COMUNIDAD PROPIETARIOS O CASTRO, sustitución de monocapa en aleros, na rúa do Castro, 21, Castiñeiras.

15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26413 24.10.2024 AMAYA ABRALDES QUESADO, reforma de baño, na rúa do Sal, nº 4, 8º, Ribeira.

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26425 24.10.2024 Mª CARMEN GARCÍA PÉREZ, reparar fachada, no lugar de Vixán, nº 41, Carreira.

17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (9)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26487 24.10.2024 COMUNIDAD DE PROPIETARIOS RÚA BARREIRO, 5 (PALMEIRA), limpeza e mantemento de tellado, na rúa do Barreiro, 5, Palmeira.



18.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA ALTA. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE FRIÓNS 1-A, CARREIRA, RIBEIRA. PROMOTORA: SARA RUIZ VALDÉS.

VISTA a solicitude de licenza urbanística de obra maior para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA ALTA**, no lugar de **FRIÓNS 1-A, CARREIRA, RIBEIRA**, da que é promotora **Dna. Sara Ruiz Valdés**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital o día **26 de agosto de 2024**

VISTO o **informe e acta de cesión** emitidos pola enxeñeira municipal os días **7 e 8 de novembro de 2024** en relación á **superficie de 5,06 m² de cesión a dominio e uso público** dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, contemplando unha **fianza** para responder polos servizos urbanísticos a completar pola construción da vivenda unifamiliar de **959,77 €**.

VISTO o **contrato de cesión** asinado o día **12 de novembro de 2024** por **Dna. Sara Ruiz Valdés**, (DNI 53.483.102-Y), pola que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **5,06 m²** para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana

VISTO o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **12 de novembro de 2024**, ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

VISTO o **informe** emitido con data **14 de novembro de 2024** polo **secretario xeral da Corporación** ao abeiro do disposto no artigo art. 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional

Considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **Dna. Sara Ruiz Valdés** **LICENZA DE OBRAS (Nº 43/24)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA ALTA** no lugar de Frións 1-A, Ribeira en parcela con refª catastral nº 15074A008005720000KQ, nos termos do Proxecto Básico visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 7 de marzo de 2024, así como do Anexo ao Proxecto Básico asinado dixitalmente o día 5 de xullo de 2024 redactado por Lagom Arquitectura, S.L.P., e asinado pola arquitecta Dna. Carmen Pérez Pérez (arquitecta col. 5.26:

*-Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das*



obras.

-En relación á superficie **cedida a dominio e uso público afectada por aliñeacións de 5,06 m²**, deberá de completar a dotación de servicios mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da enxeñeira municipal **unha fianza de 957,77 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de Eficiencia Enerxética.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

-A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será



- determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
 - Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
 - O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
 - Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
 - Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
 - A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
 - A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
 - Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, de tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
 - As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
 - Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
 - Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas



condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

19.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA. LUGAR: LUGAR DE PEDRIÑA, PALMEIRA S/N, RIBEIRA. PROMOTORA: MONTSERRAT CACAIS SALGUEIRO

VISTA a solicitude de licenza urbanística para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, no lugar de PEDRIÑA, PALMEIRA S/N, RIBEIRA da que é promotora MONTSERRAT CACAIS SALGUEIRO

VISTO o informe emitido polo arquitecto municipal o día 4 de novembro de 2024.

VISTO o informe emitido pola enxeñeira municipal o día 14 de novembro de 2024 en relación á fianza para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en 438,73 €.

VISTO o informe emitido polo técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo de data 15 de novembro de 2024 e

VISTO o informe do secretario xeral da Corporación de data 15 de novembro de 2024,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,



A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. Montserrat Cacaís Salgueiro LICENZA DE OBRAS (Nº 44/26) para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** Lugar de Pedriña s/n Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A035001820000KL, nos termos do Proxecto Básico modificado asinado dixitalmente o 23 de outubro de 2024 redactado por D. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto col. nº 4.169):

- Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.
- Deberá depositar **unha fianza nas arcas municipais de 438,73 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza**, segundo informe da enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preptivo visado colexial.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de Eficiencia Enerxética.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da



contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarse a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO:- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA.



Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO PRIMEIRO:-NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

20.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Gonfer Cruceiro Inmobiliaria, S.L.

Visto o escrito presentado por María Camila Fernández Muñiz en representación de **Gonfer Cruceiro Inmobiliaria, S.L.**, de data 25/10/2024 (Rexistro de entrada nº 26.606), no que solicita información urbanística en relación ás parcelas con referencias catastrais 15074A045000210000KO e 15074A045001260000KS.



FIRMANTE - FECHA



Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 31/10/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitude de información urbanística de dúas parcelas contiguas, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400026606 do día 25 de outubro de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística de dúas parcelas.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística de dúas parcelas indicando as súas referencias catastrais.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica as parcelas con referencias catastrais 15074A045000210000KO e 15074A045001260000KS, no seu plano 8.36-A. de Clasificación y Cualificación do solo de núcleos rurais (Casanande – Santa María de Olveira), a escala E:1/2000 como solo de núcleo rural consolidado (SNR-B), artigo 134 do PXOM.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza de Solo de Núcleo rural Consolidado, S.N.R.B., artigo 134 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas das áreas de solo dos núcleos rurais anexas ás zonas consolidadas, que non chegan a definir claramente unha trama de edificacións, pero onde a edificación esta ocupado ata un 50% das parcelas próximas ás aldeas e lugares de orixe agrario e morfoloxía definida que constitúen a base da trama rural.

AMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes as de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración



permitíndose as de reforma e ampliación e nos solares vacantes as de obra nova.

Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga, manterán os cerramentos de pedra existentes, ocós de pedra, balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada e adosada. Manterase o tipo de ocupación non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

CONDICIÓN DA PARCELA

Parcela mínima: 500 m². non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie.

Fronte mínima: será de 8 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas se permitirá a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m. (e se cumpran o resto das condicións de edificación).

CONDICIÓN DE OCUPACIÓN

Posición: Conservaranse as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou recuado a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poda derivarse mellora para as condicións do espazo público e para as condicións de edificación das parcelas.

En áreas pouco consolidadas aplicarase a normativa viaria.

A edificación situarase na parcela illada entre medianeiras, ou acaroada a la parcela contigüa se esta deixase unha medianeira consolidada ou previo acordo entre lindantes. En cualquier caso, tratase de ocultar medianeiras, non creando outras novas baixo ningún concepto, respectando nos outros casos un mínimo de 3 metros a lindeiros.

Ocupación máxima na parcela: A ocupación máxima será do 35% da parcela total e co límite de 200 m². construídos por planta.

CONDICIÓN DE EDIFICABILIDADE.

Edificabilidade máxima: 0,50 m²/m².

ALTURA DE LA EDIFICACIÓN

Nº plantas: Baixo + unha planta e aproveitamento baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coroación: 4 metros por encima da altura máxima.



FIRMANTE - FECHA



ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, coma galerías y miradoiros.

As dimensións e características destes elementos serán as definidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir da primeira planta.

Balcóns: Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos, autorízanse ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 m², e non podendo superar os 50 m².

Cornisas e aleiros: O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

CONDICIÓN AMBIENTAIS E ESTÉTICAS.

Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de peche, as estruturas portantes e os ocos de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados non proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a armonía existente ou sexan de natureza estraña ao medio, coma os peches de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio.

As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste ultimo caso prohíbense as cores metálicas anodizados, debendo estar lacados de branco ou outra cor

5. AFECCIÓN SECTORIAIS

A parcela encóntrase dentro da zona clasificada coma Mellora Ambiental e Paisaxística do Plan de Ordenación do Litoral, polo que as posibles actuacións que se desenvolvan nesta parcela deberán axustarse ás determinacións do Plan de Ordenación do Litoral para este tipo de solo.

A parcela 15074A045000210000KO, encóntrase dentro da servidume de protección da estrada AC-303, polo que se deberá solicitar autorización ao titular da vía.

21.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juana Pérez Pérez

Visto o escrito presentado por **Juana Pérez Pérez**, de data 07/11/2024 (Registro de entrada nº 27.502), no que solicita certificación urbanística en relación ás parcelas con refª catastrais nº 0521939NH0102S0001BH e 0521941NH0102S0001AH, e sitas Rúa Fondevila, Ribeira.



Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 13/11/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de restauración da legalidade urbanística que afecte ás parcelas con refª catastrais nº 0521939NH0102S0001BH e 0521941NH0102S0001AH, e sitas Rúa Fondevila, Ribeira.

22.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Raquel Pouso Hermo

Visto o escrito presentado por **Raquel Pouso Hermo**, de data 21/10/2024 (Registro de entrada nº 26.167), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 0718012NH0101N0001OF e sita no Rúa Canarias nº 8, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 14/11/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de restauración da legalidade urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 0718012NH0101N0001OF e sita no Rúa Canarias nº 8, Ribeira.

23.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

4603 14.03.2022 MIGUEL MUÑÍZ VENTOSO, licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada no lugar de A Mámoa, 38-D, Carreira.

24.- SOLICITUDE VAO PERMANENTE – María Dolores Ramos Pérez

Visto o escrito presentado por **María Dolores Ramos Pérez**, de data 16/10/2024 (Registro de entrada 25.850), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Vilar, nº 44 (Palmeira).

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 16/11/2024, no que sinala:

“INFORMA que puesto en contacto con la solicitante, ésta informa que lo que necesita es la domiciliación del vado ya concedido desde hace tres años y no la petición de uno nuevo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante



que deberá proceder á domiciliación nas dependencias municipais do citado vao permanente, concedido pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 07/07/2022.

25.- DACIÓN DE CONTA DO AUTO 151/24 DO XULGADO CONTENCIOSO - ADMINISTRATIVO Nº 2 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Auto nº 151/24 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, de data 11/11/2024, polo que se acorda a suspensión da execución do derrubo da edificación obxecto do procedemento PSS Peza Separada de Medidas Cautelares 0000424/2024 001 PO Procedemento Ordinario 0000424/2024.

26.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 04686/2024 DO T.S.X. GALICIA – SALA DO SOCIAL DA CORUÑA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Sentenza nº 04686/2024 do T.S.X. Sala do Social da Coruña, de data 16/10/2024, pola que se acorda a desestimación do Recurso de Suplicación interposto por D. Miguel Ángel Sobrado Silva contra a sentenza ditada polo Xulgado do Social Nº 2 de Santiago de Compostela, de data 26/10/2023, confirmando íntegramente a resolución recurrida. (Procedemento de orixe: SSS Seguridade Social en Materia Prestacional 0000583/2021)

27.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO POLÍGONO 27 (CASTIÑEIRAS) - Corporación Mercantil Garo Riveira, S.L.

Queda sobre a mesa a expediente de aprobación inicial do Plan Especial de Reforma Interior do Polígono 27 (Castiñeiras) do PXOM de Ribeira. Promotora: Corporacion Mercantil Garo Riveira, S.L.

28.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DA ACTIVIDADE: XIV RUTA BTT DO NADAL

Vista a proposta de aprobación de prezos públicos do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 11/11/2024, no que no que solicita a aprobación de prezos públicos para a realización da actividade “XIV Ruta BTT do Nadal”.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, e polo Tesoureiro Municipal, Félix Carrasco del Pozo, de data 18/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

1º.- Que se estableza un prezo público de 10,00 € por participante inscrito, en base a **Ordenaza fiscal C.3 Reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello**, no seu artigo 4.2 (Establecemento e contía),



establece que, “A estes efectos, con carácter previo ó inicio das actividades, a Xunta de Goberno Local, en base ós informes previos do Xefe de cada Servizo ou Dependencia e da Intervención Municipal sobre os custos soportados polo Concello, establecerá o prezo concreto de cada actividade, que conforme o artigo 44.1 do R.D.L. 2/2204, deberán cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade a realizar.”

“Non obstante o anterior, conforme ó disposto no artigo 44.2 do R.D.L. 2/2004, cando exista razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a Xunta de Goberno Local poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nesto supostos deberán consignarse nos orzamentos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbera.”

2º.- Publicar un anuncio que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servizos que organicen a actividade, que deberá ser exposto dende o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

29.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, LIÑA SOCIAL EJERCICIO 2024

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 11/11/2024, na que solicita se dea trámite ao correspondente procedemento administrativo para a posta en marcha da convocatoria de achegas para entidades sen ánimo de lucro – liña acción social correspondente ao exercicio 2024.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 18/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a convocatoria e bases específicas para a concesión de subvencións para entidades sen ánimo de lucro – liña acción social correspondente ao exercicio 2024.

30.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA EDICIÓN DO FESTIVAL DE ARTE MURAL “SALMOIRA 2024” E DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura e Mocidade, Antía Alberte Maneiro, de data 18/11/2024, relativa á celebración da 1ª edición do Festival de Arte Mural “Salmoira 2024”, co obxectivo de difundir e por en valor as artes e creación gráficas, así como dar impulso a artistas locais e galegos, e reducir o impacto paisaxístico e visual dalgunhas construcións arquitectónicas deterioradas ou degradadas, reivindicando así a historia, o patrimonio e a identidade local.

Visto o informe emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan manuel Salguero del Valle, de data 18/11/2024, relativo á celebración do citado evento, así como á sinatura dos correspondentes convenios de colaboración entre o Concello de Ribeira e as comunidades de propietarios dos inmobles onde serán plasmados os diferentes murais nas fachadas asignadas para a celebración do festival.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- **Aprobar** a celebración da 1ª edición do Festival de Arte Mural Salmoira 2024, denominado “Salmoira. 1º Festival Mural”.
- **Aprobar** a sinatura dos correspondentes borradores dos convenios de colaboración entre o Concello de Ribeira e as comunidades de propietarios dos inmobles onde serán plasmados os diferentes murais nas fachadas asignadas para a celebración do festival, segundo o sinalado no citado informe do Secretario Xeral da Corporación.
- Dar traslado deste acordo ao Departamento de Cultura e Mocidade para que proceda aos trámites necesarios para a súa celebración, así como á Policía Local para o seu coñecemento.

31.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Festexos, Turismo, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 18/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Real e Ilustre Cofradía da Dorna.

VISTO que o obxecto é o da celebración da LXXVI Edición da Festa da Dorna.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 18/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Real e Ilustre Cofradía da Dorna, en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

32.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E O CLUB NÁUTICO DEPORTIVO DE RIBEIRA

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 18/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e o Club Náutico Deportivo de Ribeira.

VISTO que o obxecto é o da organización da Escola Municipal de Vela 2024.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 18/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e o Club Náutico Deportivo de Ribeira con cargo na aplicación orzamentaria 341-48003 en



concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

33.- CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS, LIÑA DE EDUCACIÓN (CENTROS EDUCATIVOS E ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS) - ANO 2019

Vista a acta da Comisión Avaliadora de Educación da convocatoria de subvencións para colexios e asociación de nais e país, ano 2019, de data 18/11/2024, relativa á adxudicación das subvencións para entidades sen ánimo de lucro, Liña de Educación, ano 2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 18/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a concesión de achegas das solicitudes presentadas, polos importes de subvención que corresponden aos centros educativos e ANPAs, segundo o contido da citada proposta, e que a continuación se relacionan:

ENTIDADE	TOTAL PUNTOS	IMPORTE SOLICITADO	CONTÍA 9,09 € X PUNTO	IMPORTE SUBVENCIÓN
ANPA A Guía	70	989,55	636,3	636,3
ANPA Oliveira	70	1000	636,3	636,3
ANPA O Grupo	75	1291,5	681,75	681,75
CEIP de Frións	70	1000	636,3	636,3
CEP de Carreira	55	500	499,55	499,55
ANPA Heroínas de Sálvora	55	233,78	499,55	233,78
CEIP Heroínas de Sálvora	55	181,5	499,55	181,50
ANPA IES Leliadoura	60	387,75	545,4	387,75
IES Leliadoura	70	1153,6	636,3	636,3
ANPA Palmeira	80	2640,5	727,2	727,2
	660			5256,73

34.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 11/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Antidroga Renacer.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocioeducativa e calidade de vida dos colectivos máis vulnerables. Programa de



prevención no eido das drogodependencias

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 19/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Antidroga Renacer; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 312A 48010 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

35.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E O ICE EBENECER

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 18/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e o Ice Ebenecer.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocioeducativa e calidade de vida dos colectivos máis vulnerables. Programa Atención a familias vulnerables.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 19/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e o Ice Ebenecer; cunha consignación por importe de 2.500,00 € na aplicación orzamentaria 231A 48029 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

36.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN ÁGAPE

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 11/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Ágape.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a



situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional. Programa de atención integral a menores en situación de vulnerabilidade socioeducativa e as súas familias.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 19/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira a Asociación Ágape; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 231A 48027 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

37.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO EN RIBEIRA

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 11/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Española contra o Cancro en Ribeira.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional. Programa de promoción de actividades de divulgación, prevención, investigación, formación e asistencial.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 19/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira a Asociación Española contra o Cancro en Ribeira; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 231A 48026 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

38.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – María Dolores Saíñas Cadabal (TABERNA DO ARGENTINO)

VISTO o escrito presentado por **María Dolores Saíñas Cadabal** en representación establecemento “A Taberna do Argentino” (Carreira), de data 19/11/2024 (Rexistro de entrada nº 28.344), no que solicita permiso para evento musical no establecemento



hostaleiro “A Taberna do Argentino” (Carreira), o día 24/11/2024, en horario de 12:30 h. a 14:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a María Dolores Saíñas Cadabal, para eventos musicais no establecemento hostaleiro “A Taberna do Argentino” (Carreira), o día 24/11/2024, en horario de 12:30 h. a 14:30 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “A Taberna do Argentino” (Carreira) (María Dolores Saíñas Cadabal), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa



vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

39.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 11/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e Cáritas Diocesana de Santiago.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional. Proxecto: Formación e emprego.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 19/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e Cáritas Diocesana de Santiago; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 231A 48023 en concepto de subvención.



Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

40.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A FUNDACIÓN FAIBEN

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 11/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Fundación Faiben.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de colectivos como a infancia. Proxecto Contigo.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 19/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Fundación Faiben; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 231A 48022 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

41.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN AMBAR

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 11/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Ambar.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional. Programa Vivindo na Comunidade.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 19/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Ambar; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 231A 48009 en concepto de subvención.



Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

42.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN A CREBA

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 11/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación A Creba.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional. Programa de Transporte de Usuarios.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 19/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación A Creba; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 231A 48021 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

43.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E O MUSEO ETNOGRÁFICO-CENTRO RECREATIVO DE ARTES

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 18/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e o Museo Etnográfico-Centro Recreativo de Artes.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en manter aberta ao público a exposición das súas pezas durante un ano, deseñar e celebrar un programa de visitas guiadas e posicionar o museo como referente para o coñecemento da historia e a vida cotiá do municipio.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 14/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración, regulador de subvención nominativa, entre o Concello de Ribeira e o Museo Etnográfico-Centro Recreativo de Artes.



Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

44.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL MARES DA FIN DO MUNDO

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 18/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Mares da Fin do Mundo.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en reivindicar o audiovisual centrado no medio mariño, na nosa relación con el e os esforzos que se están a facer para preservalo

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 14/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración, regulador de subvención nominativa, entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Mares da Fin do Mundo.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

45.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Educación, María Cruz Rivadulla Márquez, de data 19/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Universidade de Santiago de Compostela.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste no mantemento dunha sede do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 19/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Universidade de Santiago de Compostela; cunha consignación por importe de 18.000,00 € na aplicación orzamentaria 323 45102 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.



46.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE INTERCAMBIO DE ACTUACIÓN ENTRE OS GRUPOS MUNICIPAIS DE TEATRO DE RIBEIRA E AMES

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 19/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de intercambio de actuación entre os grupos municipais de teatro de Ribeira e Ames.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en promocionar o Grupo Municipal de Teatro de Ribeira e por conseguinte favorecer o encontro con outros grupos artísticos afeccionados.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

- Aprobar a celebración do intercambio de actuación do Grupo Municipal de Teatro de Ribeira co Grupo Municipal de Teatro de Ames.
- Asinar o Convenio de Intercambio de Actuación que consta no expediente.
- Eximir do prezo público esta actuación debido á natureza do réxime de intercambio.
- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

47.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E CRUZ VERMELLA DE RIBEIRA

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 11/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e Cruz Vermella de Ribeira.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional. Proxecto Aníma-T.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 19/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e Cruz Vermella de Ribeira; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 231A 48017 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.



48.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUNHA FOODTRUCK PARA CAMPAÑA PROMOCIONAL DA CONSELLERÍA DO MAR – José Fajardo, S.L.

Visto o escrito presentado por Arturo Ramón Fajardo Piñeiro en representación de **José Fajardo, S.L.**, de data 19/11/2024 (Rexistro de entrada nº 28.342), no que solicita autorización para a instalación dunha Foodtruck para degustacións gratuítas de produtos do mar e da terra de Galicia (Programa de promoción da Consellería do Mar – “Galicia sabe amar”), o día 15/12/2024, en Ribeira, co motivo da celebración da carreira “Nada e Corre”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar** a **José Fajardo, S.L.** para a instalación dunha Foodtruck para degustacións gratuítas de produtos do mar e da terra de Galicia (Programa de promoción da Consellería do Mar – “Galicia sabe amar”), o día 15/12/2024, en Ribeira, co motivo da celebración da carreira “Nada e Corre”.
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- c) **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta da citada Foodtruck, así como o horario da súa instalación.**
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

49.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN AMICOS

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 11/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Amicos.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional. Servizo de atención psicopedagóxica.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 20/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Amicos; cunha consignación por importe de 3.400,00 € na aplicación orzamentaria 231A 48020 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordó.



50.- SOLICITUDE OCUPACIÓN TEMPORAL DE INSTALACIÓN DEPORTIVA PÚBLICA PARA CELEBRACIÓN DE EVENTO FESTIVO – Asociación Cultural e Deportiva Comisión Festas Amigos de Palmeira

Vistos os escritos presentados por Tania Santos Ferras en representación da **Asociación Cultural e Deportiva Comisión Festas Amigos de Palmeira**, de data 18/11/2024 (Rexistros de entrada nº 28.223 e 28.227), nos que solicita a dispoñibilidade do Pavillón Alcalde Torres Colomer, do día 31/12/2024 desde as 12:00 h. ao 01/01/2025 ata as 11:00 h., con fin de realizar una festa de Ano Novo con Dj e barra para bebidas; e así mesmo solicita contedores RSU e servizo de limpeza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Non autorizar** á Asociación Cultural e Deportiva Comisión Festas Amigos de Palmeira o uso temporal do Pavillón Alcalde Torres Colomer, do día 31/12/2024 ao 01/01/2025, con fin de realizar una festa de Ano Novo con Dj e barra para bebidas, así como os contedores RSU e o servizo de limpeza.
- **Este acordo ven motivado** porque se solicita o uso dunhas instalacións deportivas municipais para un evento festivo, e non para un uso deportivo, cultural, procesos electorais ou semellantes, para o cal están destinadas este tipo de instalacións.
- Dar traslado deste acordo ao interesado.

51.- APROBACIÓN DA NORMATIVA DE INSCRIPCIÓN DE NENOS/AS PARA PARTICIPAR NA CABALGATA DE REIS DE RIBEIRA 2025

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Festexos, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 20/11/2024, relativa á normativa de inscrición de nenos/as para participar na Cabalgata de Reis de Ribeira 2025, e na que expón:

“A Concellería de Festexos, no marco da organización do desfile da Cabalgata de Reis en Ribeira, o 5 de xaneiro de 2025, ten en procedemento de licitación o servizo de aluguer de seis carrozas das cales son tres para os reis Melchor, Gaspar e Baltasar e tres temáticas, da Estrela de Belén, do Carteiro Real e de temática mariñeira.

Co fin de garantir a seguridade do propio desfile así como a vistosidade do evento, as carrozas teñen unhas características específicas como son as súas medidas de 3,5 metros de ancho por 7,5 metros de longo con decoración, tendo as plataformas unhas medidas mínimas de 7,3 metros de longo por 2,45 metros de ancho, dobre eixo, freo de inercia e homologadas contando coa súa inspección técnica ao día.

A capacidade máxima de cada carroza será de dez menores nas reais e doce menores nas temáticas, cun total de 66 participantes. Os nenos/as que se inscriban no sorteo optarán a unha praza en calquera das carrozas sendo a organización quen distribúa aos mesmos facilitando os traxes de paxes segundo as súas idades.

Os participantes poderán ser nenos e nenas de Ribeira que reúnan os seguintes requisitos:

- *Empadroados en Ribeira*
- *Ter unha idade de 5 a 10 anos (ambos cumpridos á data de celebración, 05/01/2025)*

O procedemento de inscrición será a través dun formulario de Google de xeito online a través web www.ribeira.gal. Nese formulario haberá que cubrir obrigatoriamente os seguintes datos: Nome e



apelidos e DNI do pai/nai/titor, nome e apelidos, data de nacemento do participante, parroquia de empadramento, teléfono e correo electrónico de contacto. Deberán indicar tamén se o participante ten algún tipo de necesidade especial ou discapacidade.

O concello comprobará de xeito administrativo que o participante está empadroado e cumpre co requisito de idade; serán excluídos os que non cumpran con estas condicións.

O período de inscrición será do 25 de novembro ao 15 de decembro, ambos os dous incluídos. Si o número de solicitudes supera ás prazas ofertadas realizarase un sorteo público para determinar os seleccionados/as, tendo lugar no C.C. Lustres Rivas o martes 17/12 ás 12:30 h.

A listaxe provisional de participantes publicarase na web municipal o 17 de decembro, tendo que confirmar a asistencia do 18 o 22 de decembro no correo culturaefestexos@ribeira.gal, quen non confirme perderá a praza sendo substituído polo seguinte na listaxe de agarda.

A listaxe definitiva de participantes publicarase na web municipal o 23 de decembro, tendo os días 26, 27 e 30 para recoller o seu traxe de paxe no CC Lustres Rivas de Ribeira; quen non recolla o traxe perderá a praza sendo substituído por alguén da lista de agarda.

Os participantes deberán presentar ao recoller o traxe, unha fotocopia do dni ou da folla do libro de familia do participante a efectos de Seguro de Accidentes, así como cubrir unha folla de entrega responsabilizándose do bo uso do disfraz e a súa devolución unha vez realizada a actividade.

Os participantes irán acompañados en cada carroza dun monitor/a de tempo libre que se ocupará deles, non podendo ningún pai ou nai montar na carroza; rogase a os pais e nais que eviten permanecer pegados a elas co fin de garantir a seguridade e vistosidade do desfile.

Os participantes deberán estar vestidos co traxe de paxe o 05/01/2025 ás 17:30 h na carpa municipal da rúa de Galicia para proceder a subir á carroza correspondente, tendo que ser recollidos polos seus pais/nais/titores na rúa HMR Talleres El Nervión o mesmo día ao remate do desfile (aproximadamente sobre as 19:30 h).

Agradécese a colaboración dos participantes traendo unha cesta ou similar para os caramelos que facilitará o concello para que arroxen durante o desfile. O concello vai adquirir 2500 quilogramos de caramelos sen glute se sabores surtidos para o seu reparto neste evento."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** a normativa de inscrición de nenos/as para participar na Cabalgata de Reis de Ribeira 2025, segundo o contido da citada proposta.

52.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN ACTO CULTURAL EN ESPAZO PÚBLICO – Bloque Nacionalista Galego

Visto o escrito presentado por Rafael Pazos Rodríguez en representación do **Bloque Nacionalista Galego**, de data 21/11/2024 (Rexistro de entrada nº 28.522) no que informa da realización dun acto cultural en lembranza das Irmandades da Fala no Paseo de Coroso-Río Azor, o día 23/11/2024, de 11:00 h. a 11:45 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

-) Autorizar a celebración dun acto cultural en lembranza das Irmandades da Fala no Paseo de Coroso-Río Azor, o día 23/11/2024, de 11:00 h. a 11:45 h.
- a) Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



53.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUNHA FOODTRUCK PARA CAMPAÑA PROMOCIONAL DA CONSELLERÍA DO MAR – José Fajardo, S.L.

Visto o escrito presentado por Arturo Ramón Fajardo Piñeiro en representación de **José Fajardo, S.L.**, de data 21/11/2024 (SOLIC0007764), no que solicita autorización para a instalación dunha Foodtruck para degustacións gratuítas de produtos do mar e da terra de Galicia (Programa de promoción da Consellería do Mar – “Galicia sabe amar”), o día 28/11/2024, en horario de 17:00 h. a 20:00 h., en Ribeira (sen especificar ubicación), realizando esta actividade o mesmo día, en horario de mañá, no colexio de Frións (Carreira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Autorizar** a **José Fajardo, S.L.** para a instalación dunha Foodtruck para degustacións gratuítas de produtos do mar e da terra de Galicia (Programa de promoción da Consellería do Mar – “Galicia sabe amar”), o día 28/11/2024, en horario de 17:00 h. a 20:00 h., en Ribeira, debendo especificar ubicación coa Policía Local.
- b) **Autorizar** a **José Fajardo, S.L.** para a instalación dunha Foodtruck para degustacións gratuítas de produtos do mar e da terra de Galicia (Programa de promoción da Consellería do Mar – “Galicia sabe amar”), o día 28/11/2024, en horario de mañá, no colexio de Frións (Carreira).
- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- d) **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta da citada Foodtruck.**
- e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:25 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

